

## Justo Beramendi aterrou en Galicia, formouse, incitounos a facer o Museo do Pobo Galego e rematou explicándonos a historia do noso nacionalismo

*Justo Beramendi arrived in Galicia, completed his training in History, encouraged us to create the Museo do Pobo Galego and eventually explained to us the history of our nationalism*

Francisco Calo Lourido

(Museo do Pobo Galego / fcalo@esteson.eu)

Data de recepción: 04/07/2025 – Data de aceptación: 10/11/2025

**Resumo:** A actividade política de Beramendi, formado en enxeñaría industrial, obrigouno a fuxir coa súa dona de Madrid a Barcelona, onde, para sobrevivir, tivo que se dedicar a facer traducións de libros ingleses e franceses. Un golpe de fortuna tróuxoo a Galicia, onde decididamente se fixo galego de elección, para se ocupar da Comisión de Cultura do COAG. Comezara historia, a súa verdadeira vocación, en Barcelona e decidiu rematala en Santiago, onde a facultade levaba uns anos en proceso de remodelación metodolóxica, seguindo, sobre todo, a escola francesa de *Annales*. Dedicouse á historia contemporánea, especializouse en nacionalismos e ferramentas metodolóxicas e chegou a ser o máximo especialista sobre o nacionalismo galego, do cal é proba elocuente, polas críticas e pola cantidade e calidade de premios estatais e nacionais recibidos, a súa magna obra *De provincia a nación*. O tempo que non empregou no estudo da historia dedicouno, sobre todo, ao Museo do Pobo Galego, que non só axudou a fundar, senón que mesmo propuxo o nome que leva desde 1976, sendo presidente do seu padroado.

**Palabras chave:** Marxista, exilio, COAG, MPG, historiador, nacionalismo.

**Sumario:** 1. Xuventude, estudos, actividade política e cultural e fuxida a Barcelona. 2. Vinda para Galicia, relacións, COAG, xestión cultural, PSG e creación do MPG. 3. Renovación profesoral e metodolóxica na Facultade de Historia de Compostela. 3.1. Introducción dos *Annales*. 3.2. Beramendi, marxista irredento, retoma os estudos de historia. 3.3. Especialízase en nacionalismos e metodoloxías. 4. Beramendi xestor, organizador, premiado, poeta e amigo ata rematar a prórroga. Referencias bibliográficas.

**Abstract:** Trained in industrial engineering, Beramendi's political activity forced him and his wife to flee from Madrid to Barcelona. There, in order to survive, he turned to translating books from English and French. A stroke of luck brought him to Galicia, where he consciously chose to become Galician by choice and took charge of the Culture Commission of the COAG. He had begun studying history –his true vocation– in Barcelona, and later decided to complete his degree in Santiago, where the Faculty of History had been undergoing for several years a methodological renewal inspired above all by the French school of *Annales*. He devoted himself to contemporary history, specializing in nationalisms and methodological tools, and became the foremost expert on Galician nationalism. This is eloquently demonstrated by the critical acclaim and the number and prestige of state and national awards granted to his magnum opus, *De provincia a nación* (*From Province to Nation*). The time he did not dedicate to historical research was mostly devoted to the *Museo do Pobo Galego* (Museum of the Galician People). Not only was he one of its founders, but he also proposed the name it has had since 1976, and served as president of its board of trustees.

**Keywords:** Marxist, exile, COAG, MPG, historian, nationalism.

**Contents:** 1. Youth, studies, political and cultural activity and escape to Barcelona. 2. Move to Galicia, personal relations, COAG, cultural management, PSG and creation of the *Museo do Pobo Galego*. 3. Professorial and methodological renewal at the Faculty of History of Compostela. 3.1. Introduction to the *Annales*. 3.2. Beramendi, an unrepentant Marxist, returns to the study of history. 3.3. Specialization in nationalisms and methodologies. 4. Beramendi as manager, organizer, award-winning scholar, poet, and friend until the final whistle in extra time. Bibliographic references.

## 1. Xuventude, estudos, actividade política e cultural e fuxida a Barcelona

Coñecín a Justo Beramendi no ano 1976, cando, despois de me ser dúas veces consecutivas atrancado o vieiro universitario, ingresei no Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos cunha bolsa de Formación de Persoal Investigador do CSIC. Había dous anos que Beramendi, este «nómade nacido en Madrid», como el mesmo se definiu, aterrara en Compostela e entrara en comunión con Galicia ata facela súa e aceptala como propia. O coñecemento e o uso de diferentes linguas, permitiulle unha inmersión lingüística rápida e total e, asumindo o galego como lingua vehicular, mudou conscientemente en escritor alófono.

Dixo que cando só contaba 40 días de idade, «xa empecei a viaxar», ao ser levado por súa nai desde Madrid, onde naceu en 1941, a Almería, porque a militancia desta funcionaria de correos en Izquierda Republicana durante a República foi causa suficiente para ser desterrada de Madrid polos franquistas. Nesa cidade andaluza transcorreu a súa infancia e adolescencia, desde 1947, cursando alí o bacharelato e regresando, en 1958, á capital, onde estudou preuniversitario no instituto Cardenal Cisneros e enxeñería industrial na ETS. El mesmo dixo que, xa daquela, tiña predilección polas letras, pero que fixo esa carreira porque seu pai se ofreceu para pagarlle; mais pronto se foi afastando dela, o mesmo que de seu pai ou, por dicilo coas súas propias verbas, «mandei a facer puñetas a carreira e a meu pai simultaneamente». O interese polas letras levouno a formar parte, durante os estudos, do grupo de teatro universitario da Escola de Industriais, co que participou no I Festival Internacional de Teatro Universitario de Nancy. Foi amais cofundador do Grupo de Teatro Popular, representando polos barrios pezas de Brecht, García Lorca e outros, afección que influíu grandemente na súa ideoloxía e actividade política. Os estudos feitos permitíronlle, amais de impartir clases particulares, ensinar física e matemáticas en academias a alumnos que se preparaban para ingresar en escolas técnicas.

En 1968, casou en Almería con Carmen Álvarez Arcos, principiando unha vida en común en Madrid. Xa desde a época estudantil participara en actividades que o réxime do momento consideraba subversivas, tendo pertencido ao comité executivo da Federación Universitaria Democrática Española (FUDE) e, en 1968, sendo membro significado do Partido Comunista de España Internacional (PCE-i), morou, xunto coa súa dona, nun piso franco onde estaba o aparello central de propaganda da clandestina organización política. Recibiu o aviso de que había un infiltrado no grupo e de que estaban a piques de ser detidos pola brigada político-social, o que motivou que, en 1969, decidisen fuxir a Barcelona, onde vivía unha irmá de Carmen, casada con Xosé Manuel Casabella, arquitecto natural de Ferreira de Valadouro. Con eles atoparon un refuxio nesta nova cidade e entraron en contacto coa numerosa colonia galega, que procurou facerlles máis segura esta nova situación de exilio. Uns residían en Barcelona por razóns políticas e outros por estudar, maioritariamente, as carreiras profesionais encamiñadas á construción

civil e inexistentes daquela en Galicia. Entre moitos outros dos alí tratados, beneficiouse «da axuda e da amizade» de Basilio Losada, profesor de filoloxía galaico-portuguesa na Universidade de Barcelona, Xavier Costa Clavell, escritor e periodista, e Margarita Ledo, nesa altura moi noviña, por dicilo con verbas súas (como todas as que aquí figuran textuais sen cita allea), e estudante alí de periodismo. Coñeceu a Luís Seoane, a Xosé Luís Méndez Ferrín, a María Xosé Queizán ou a Miro, irmán de seu cuñado Casabella e cantautor, que tamén estudou en Barcelona e que andou e actuou co grupo da *Nova Cançó* e, entre outros, con Paco Ibáñez e con Luis Cilia, que foi membro de Voces Ceibes e que segue prestándose a participar coa súa música en actos do MPG. E foi tamén en Barcelona onde entrou en contacto con César Portela, arquitecto pontevedrés que o invitou a pegarlle á súa vida un golpe de temón que resultou ser moi afortunado.

Ingresou Beramendi na universidade catalá para estudar Filosofía e Letras, escollendo a rama de Historia e, para poder sobrevivir, dedicouse a facer traducións do francés e do inglés, ata uns oitenta libros de literatura, historia, arquitectura, historia da arte e economía, traballando nisto para o Colexio de Arquitectos de Cataluña e para editoriais como Gili Gaya. A título anecdótico podo dicir que, hai anos, lendo un libro coas conferencias que sobre Darwin organizara a «Fundación de Ciencias de la Salud», a «Residencia de Estudiantes» e o «British Council», sorprendeume tropezar co nome de Beramendi ao falar dun libro de 1971 do escritor húngaro Arthur Koestler, «comunista en sus orígenes y luego anticomunista furibundo», titulado «*The Case of the Midwife Toad*, traducido en España como *El abrazo del sapo* por Justo G. Beramendi en 1973» (Fernández 2008: 78). Escuso dicir que no seguinte encontro no Museo do Pobo Galego lle levei fotocopia do artigo, do que el non tiña referencia e que lle causou unha moi grata sorpresa por verse citado non como historiador, como autor, senón como tradutor, o que non adoita ser habitual.

## 2. Vinda para Galicia, relacións, COAG, xestión cultural, PSG e creación do MPG

Por aquel tempo, segregouse Galicia do Colexio de Arquitectos que a englobaba con Asturias e León, pasando a ser autónoma cun organismo propio, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Nunha das viaxes que o devandito arquitecto César Portela, un dos xestores do novo colexio, fixo a Barcelona, ofreceulle a Justo Beramendi virse a Galicia para ocupar a xerencia da Comisión de Cultura do mesmo. Aceptou este o ofrecemento por ser un xeito de seguir afastado do perigo que o levou ata Barcelona, ao tempo que un medio de vida con boas condicións salariais. Despois dun concurso previo, chegou a Compostela cuns estudos e unha bagaxe ampla; pero ten que se enfrontar a un novo país cunha nova lingua e cunha cultura que descoñecía. No COAG atopou a axuda do seu

responsable de comunicación, editor e activista cultural Luís Mariño, quen lle aconsellou que entrase en contacto con Carlos García Martínez, licenciado en dereito e con moitas relacións no mundo da cultura compostelá e galega e o amigo común que, dous anos despois, nos presentou. Non tiña este ningunha intención de se dedicar profesionalmente ao mundo do dereito e atopábase en situación de paro, despois de gozar dunha bolsa do CSIC no citado Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, onde fora introducido, xunto con outros colegas, por don Fermín Bouza Brey. Conseguiu Beramendi que o Colexio o contratase como bibliotecario, pasando este a ser un elo esencial que lle permitiu penetrar con seguridade nos ambientes culturais de Galicia, como recoñeceu na homenaxe póstuma que lle fixemos a Carlos en 2018: «Amén de introducirme nos círculos do galeguismo e de asesorarme en canto facía falta, Carlos participou en case todas as actividades da comisión, que non foron poucas» (Beramendi 2018: 10).

Inician Justo e Carlos o *staff* da Comisión de Cultura, que se completou coa adscrición ao mesmo de María Xosé Fernández Cerviño, antes secretaria do COAG, e co arquitecto catalán Salvador Tarragó, sendo presidida por Rafael Baltar, outro arquitecto, que terá un papel moi importante na creación do Museo do Pobo Galego e na restauración do edificio conventual de San Domingos de Bonaval, onde foi instalado. Comeza a funcionar a comisión, facéndoo cunha arrancada moi forte e mesmo naufragando no intento, como nos di o propio Beramendi:

A primeira xestión, moi sonada, foi unha batalla perdida, pero que pagou a pena: a loita por salvar o edificio Castromil, obra do arquitecto coruñés Rafael González Villar e unha das mellores mostras do modernismo serodio galego, que ocupaba a metade da actual praza de Galicia en Santiago de Compostela. (Beramendi 2018: 10)

Amais de exposicións, ciclos de conferencias, congresos e xornadas coas súas consecuentes publicacións, editáronse oito números dun *Boletín* que «sólo pretendía ser unha primeira escola de aprendizaxe» (O Comité de Cultura 1978: 2), e que deu paso á revista *Obradoiro*. Beramendi non só organizaba, senón que participaba, coa súa colaboración escrita, como vemos xa no número 0 desta nova revista, onde fai, moi no seu estilo expresivo, unha crítica e directa recensión dun libro do arquitecto Chueca Goitia: «Desgraciadamente, cuando pasamos del plano de la denuncia al del estudio de situaciones concretas y del análisis de las causas que las han generado, nuestra aprobación inicial se desvanece» (Beramendi 1978: 80). Funcionando como unha pequena editorial, lanzaron un lote de libros relacionados coa arquitectura, con independencia de etapas culturais e cronolóxicas; entre eles un sobre arquitectura castrexa (Romero Masiá 1976), outro sobre arquitectura rural, previamente galardoado co premio de etnografía do Pedrón de Ouro (Lema Suárez 1977), os dous compañeiros meus de carreira, outro sobre arquitectura prerrománica en Galicia, dun meu profesor de técnicas artísticas (Núñez 1978), e a versión galega de María Xosé Fernández Cerviño dunha grande obra, orixinariamente en inglés, (Conant 1983) sobre a catedral de Santiago. Esta edición incorporou unha posta a punto cunhas actualizadoras «Notas» de Serafín Moralejo,

profesor de teoría da arte en Santiago, que moito me influíu cientificamente, mesmo coas súas apreciacións epistolares, cando xa era catedrático en Harvard.

O dinamismo cultural de Beramendi levouno a participar na creación doutras revistas fóra do seu traballo no COAG. Asentado xa en Santiago, foi cofundador, membro do consello de redacción e autor de artigos na revista madrileña *Negaciones* (Madrid, 1976-1977). No mesmo ano 1976, vendo que en Galicia «Era obvia a carencia dunha revista de pensamento e cultura que abordase a realidade e os problemas do país desde as perspectivas do nacionalismo e da esquerda, papel que dende logo non cumpría *Grial*», decidiu impulsar unha nova publicación (Beramendi 2018). Conseguiu involucrar un lote de persoas representativas dos diferentes eidos que cumpría tratar, así como dun amplo espectro ideolóxico, desde o galeguismo centrista á esquerda estatal, pasando polo nacionalismo de esquerdas. Puxeron nome á revista: *Seitura*; mais, malia teren xa feita unha inversión económica os 36 implicados e constituírense ante notario como Seitura S. A., factores políticos externos (gubernamentais) e internos (tendencias antagónicas), amais dos sempre presentes personalismos, abortaron a publicación.

Outras revistas ás que estivo vencellado desde a súa creación foron *A Trabe de Ouro*, desde 1990, dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín e *Tempos Novos*, desde 1997, dirixida por Luís Álvarez Pousa, onde amosou a súa habilidade para a crónica política nunha continuada colaboración ata o seu pasamento<sup>1</sup>.

Malia as malas experiencias, non foi difícil convencer a aquel mozo que viña de Barcelona e Madrid fogueado na loita política marxista-leninista, para que se sumase ao PSG de Beiras en fase de afastamento do reformismo morno e antimarxista de Piñeiro e camiño dun nacionalismo federalista e marxista democrático. Posicións internas bastante discordantes, incompatibilidades coa UPG no seo do Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG) e, sobre todo, a disidencia que ocasionou a oferta de Felipe González dun pacto PSG-PSOE,

---

<sup>1</sup> Cando no ano 2008 recibiu na Casa da Matanza o Pedrón de Ouro, o mantedor do acto foi Álvarez Pousa, quen rematou a *laudatio* facendo referencia ao papel de Beramendi como analista político: «É na revista *Tempos Novos* onde publica mensualmente a máis lúcida e culta de cantas crónicas políticas aparecen na prensa do país». Repetiu esta peza oratoria de gabanza en *Tempos Dixital*, o 4 de xullo de 2024, trala morte de Beramendi. Cítoa aquí nun recente libro sobre a vida do Pedrón de Ouro, no que se recollen parte destes discursos (Fandiño Veiga 2025: 357-363). Álvarez Pousa dixo aí que Beramendi foi tamén cofundador da revista *Teima* «o primeiro semanario en galego da posguerra». Foi isto repetido xa en diferentes lugares, desde unha recensión en *El País* ata o citado libro de Fandiño, pero sen fornecer fontes, e nunca vin que Beramendi mencionase iso, nin atopei referencia ningunha nos 35 tomos de *Teima*. Deducín que Álvarez Pousa, periodista contratado desde os inicios de *Teima*, se refería a algunha das moitas reunións previas á fundación da revista en que confluíron diferentes grupos, estando un deles formado por xentes do COAG, como Luís Mariño e César Portela, os dous xa mencionados aquí. Hai referencia a isto no número 0 (novembro de 1976), así como á discutida proposta de crismala co nome *Seitura* «que finalmente serviría de cabeceira para unha revista de pensamento que ten bastante que ver con *Teima*». Por aí, como xa vimos, estaría tamén, seguramente, Justo Beramendi.

semellante ao levado a cabo en Cataluña co PSC de Raventós, e que se manifestou abertamente no I Congreso do PSG, celebrado en Vigo en xaneiro de 1977, onde Beiras chegou a ceder en puntos cruciais, ocasionou que Beramendi e outros membros, considerando que desaparecería o carácter nacionalista e soberano, se desen de baixa no partido.

Nun xantar no «Chocolate» (Vilaxoán), Carlos García Martínez falou aos outros dous comensais, Beramendi e Rafael Baltar, do traballo que aqueles galeguistas do Seminario de Estudos Galegos fixeran para chegar a ter un museo etnográfico. Insistiulles no interese e necesidade de retomar aquela vella teima e, por fin, partindo de cero, poñer en pé un gran museo etnográfico de Galicia. Non só concordaron, senón que Beramendi, quen aínda estaba a se facer galego, acolleu a idea con entusiasmo, foi quen propuxo para a aínda non xestada criatura o nome de Museo do Pobo Galego e quen impulsou, decididamente, que o COAG fose o promotor da iniciativa. Non é este o lugar para falar do MPG, remitindo aos interesados nos seus primeiros pasos a Calo Lourido (2004) e Beramendi (2018) e, como traballo académico global, á tese de doutoramento de Braña (2008). Unicamente direi que foron xa varias décadas as transcorridas desde aquel 1977 no que inauguramos as tres primeiras salas e, con outros compañeiros, traballamos conxuntamente na procura de pezas, na súa carrega e montaxe física nas salas, na elaboración e reforma dos sucesivos estatutos e regulamentos, nos estudos museolóxicos e museográficos, na organización e participación en xornadas, simposios, exposicións e, igualmente necesario, na retirada das flores secas deixadas no Panteón de Galegos Ilustres despois dos actos de ofrenda, coa súa imprescindible fotografía, de partidos de todo o abano político e institucións varias. Xa desde os inicios, ocupou Beramendi cargos de responsabilidade, comezando pola Secretaría da Xunta Reitora e do Padroado, da que dimitiu, en 1986, por razóns que explica no citado artigo de 2018. Trala súa dimisión, pasei eu a desempeñar ese mesmo cargo durante cinco anos, ata rematar dimitindo igualmente por razóns semellantes ás súas. Anos despois foi presidente da Xunta Reitora e, finalmente, do Padroado, a seguir a Isaac Díaz Pardo, «o último petrucio operativo que nos quedaba» (Beramendi 2018: 21). Rompeu a tradición vitalicia dos presidentes, retirándose ao cumprir os 80 anos de idade e, trala correspondente votación, resultou elixida para ocupar o posto a patroa Concepción Losada, actual presidenta.

### **3. Renovación profesoral e metodolóxica na Facultade de Historia de Compostela**

Desde finais da década de 1960 estase a producir na Universidade española e, máis concretamente, na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela un gran cambio, creándose especialidades e seccións e reformándose os distintos departamentos coa creación de novos cadros de investigadores e docentes.

A chegada de profesores como Balil Illana, García de Cortázar ou Eiras Roel significou un xeito diferente de entender, facer e ensinar Historia. Nunha *Historia da Literatura Galega*, fascicula encadernable en cinco tomos, hai un breve apartado nomeado «O ensaio histórico e económico», título que considero incorrecto, xa que sempre pensei que a verba «ensaio» vén sendo empregada, desde hai uns anos, de xeito abusivo e impropio, cando se aplica como se fose sinónimo de investigación, pois unha cousa é a investigación empírica e outra distinta o ensaio interpretativo. Teño escrito que, se lle dan a unha tese de doutoramento un premio de ensaio, será porque non se trata dunha verdadeira tese (Calo Lourido 2023: 41-43)<sup>2</sup>. Esquecendo a verba ensaio, concordo, en liñas xerais, con todo o que alí se di, pero resúltanme chocantes algunhas ausencias, que non sei como interpretar (Alonso Fernández / Obelleiro Piñón / García Negro 1996: 1345-1376). É lóxico e obrigado que figure o gran modernista galego Antonio Meijide Pardo; mais ignoro como ao seu carón non está o médico e espléndido medievalista, con algunha –escasa pero aguda– incursión no campo da arqueoloxía, Rubén García Álvarez. Os dous eran da mesma idade e con eles, por separado, xa que un vivía na Coruña e outro en Ribadavia, teño falado en bastantes ocasións cando, na década dos 70 e 80, aparecían polo Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.

Cando se fraguaba o devandito apartado, un dos autores, especialista en contemporánea e compañeiro meu de departamento, entrevistoume ao longo de dúas mañás sobre as mudanzas que se produciron, daquela, en Galicia, no mundo da prehistoria e historia antiga. Faleille da importancia da chegada de Alberto Balil Illana, formado durante varios anos en Italia e introdutor en España do enfoque investigador de Bianchi Bandinelli. Foi este especialista do mundo romano quen viu, estudou e asentou as diferenzas entre arte patricia ou áulica e arte «plebea». El sempre empregaba comiñas para a verba «plebea», facendo notar que a usaba como etiqueta, non con sentido pexorativo (Bianchi Bandinelli 1970: 64). Para el eran dúas

<sup>2</sup> Na introdución a un meu libro sobre os celtas, fixen notar que o inicié «a modo de ensaio, co ánimo de facilitar a lectura, para o que incluso obviei as citas; pero, sendo consciente de que as miñas apreciacións, percepcións ou certezas non serían aceptadas polos moitos partidarios dun celtismo acentífico, sentimental ou, se mo permiten, prelórico, mudei de xénero e pasei a empregar o habitual da investigación, a base de documentar todas e cada unha das afirmacións por medio de abondosa bibliografía» (Calo Lourido 2010: 12). Cando eu me licencié, certos conceptos estaban moi claros, e Otero Pedrayo foi moi consciente ao chamar *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* a unha das súas obras, pois, como dixo o profesor Balañas: «Lo suyo, en este terreno, fueron las vastas síntesis panorámicas en estilo de ensayo que, para enunciar la tesis, no requiere prueba, sino ampliaciones que la confirman» (Balañas Fernández s/d: 159); pero, hoxe, cando tantas cousas perden os perfis, semella que a verba «ensaio» implica un nivel superior á investigación académica e son moitos os que prefiren seren chamados ensaístas, no canto de historiadores (e en ocasións acertan). O *Sempre en Galiza* de Castelao é un libro espléndido, a biblia do nacionalismo galego e, para a época, desborda coñecementos históricos, mais non encaixa na categoría de investigación, senón na de ensaio. Teño visto doutorandos que confundían metodoloxía con método e un, no acto de defensa da tese, mesmo chamou metodoloxía á técnica manual empregada no estudo... e aprobou.

concepcións da vida e da arte diferentes, o que levaba «a soluciones totalmente distintas en el estilo, la iconografía, la expresión». Insiste nisto Balil, subliñando que foi tamén este mestre italiano o introdutor do concepto de arte provincial non como algo decadente, senón «como actividade artística del Imperio Romano, singularmente las provincias europeas del Imperio de Occidente» (Balil Illana 1960: 108). Nun prólogo a unha homenaxe póstuma a don Alberto Balil, Ramón Villares, catedrático de contemporánea e, daquela, reitor da Universidade de Santiago, escribiu: «Foron anos de fecundidade intelectual naquela facultade, pola entusiasta conversión de Antonio Eiras á francesa escola dos *Annales*, pola vitalidade sostida por Carlos Alonso del Real e tamén pola incorporación coetánea de dous profesores coa nova categoría administrativa de «agregados»: J. A. García de Cortázar en historia medieval e A. Balil en Arqueoloxía» (Villares 1992: 7-8).

O citado apartado «O Ensaio Histórico e Económico», malia as mañás que dediquei a explicacións, non recolle nada do que estamos a ver e que o profesor Villares sintetizou perfectamente, polo que podemos pensar que a historia, ou ben, segundo os autores, comeza na Idade Media con Cortázar e continúa na moderna e contemporánea con Eiras, ou ben consideraron que os avances metodolóxicos e a eclosión dos novos estudos se produciron unicamente despois da caída do Imperio Romano, manténdose os nosos coñecementos a nivel do século XIX. Obviamente, como alumno e discípulo de Balil e de Alonso del Real e, xunto con todos os colegas desta escola, acollidos no IPSEG do CSIC, e algúns, a maiores, coa participación directa e continuada, ata hoxe, no grupo do catedrático Carlos Alberto Ferreira de Almeida da Universidade do Porto, debo dicir que, xa desde finais dos anos 70, puidemos ofrecer unha visión da nosa común antigüidade totalmente *aggiornata* e cuns avances tan potentes e interesantes como os conseguidos nas demais etapas da historia. Xa Balil, que tamén publicou moi interesantes traballos en revistas portuguesas, fixera notar, con gran honradez científica, que os coñecementos sobre a *Callaecia* romana estaban á altura das zonas limítrofes, mais matizara: «Excluyo las tierras situadas al S. del Miño [...] donde este conocimiento alcanza un nivel muy superior al que nosotros poseemos y nos es constante acicate y estímulo así como permanente advertencia de lo mucho que nos queda por hacer» (Balil Illana 1974: 211-212).

### ***3.1. Introducción dos Annales***

A chegada destes profesores á anquilosada e levítica Universidade de Compostela significou un sopro de aire fresco que varreu aquela xa esgotada historia política, diplomática e militar e deu paso á metodoloxía da escola de *Annales* que sitúa a economía nun lugar predominante, con independencia do que logo veremos que dixo Fontana. Esta escola, nacida o 15 de xaneiro de 1929, coa publicación de *Annales d'histoire économique et sociale*, baixo a dirección de Lucien Febvre e Marc Bloch e remodelada e rebautizada en 1946, pasou por varias e moi distintas etapas, como escribiu o mestre Fontana:

La revista de Febvre y Bloch, de Braudel y Labrousse, se había acabado en 1968, y a partir de esta fecha, había comenzado una segunda etapa que duraría hasta los años ochenta: la del crecimiento, apogeo y decadencia de la llamada “nouvelle histoire”, que habría de contraponerse, lógicamente, a la vieja que se enterraba con Braudel (Fontana 2013: 43).

O propio Braudel, nas xornadas dedicadas a el un mes antes da súa morte, desenvolve en distintas páxinas a tan diferente maneira de traballar de historiadores e economistas, algo que eu mesmo verifiquei persoalmente, chegando, nunha ocasión a renunciar a un xa iniciado traballo conxunto. O gran mestre francés intervén nas discusións cunha enorme ironía, como cando responde a P. Fabra: «Ha tratado de cuestionar lo que se llama una economía-mundo; muy rápidamente, porque esta expresión no forma parte del maravilloso lenguaje de los economistas...» (Braudel 1994: 111).

O medievalista e colega López Carreira, escribindo nun apertado artigo sobre un amigo común, o tamén historiador Francisco Carballo, fai referencia á súa formación na Universidade Complutense de Madrid na década de 1950, onde coñeceu a obra de Vicens Vives e Pierre Vilar, dous historiadores moi relacionados con *Annales* e impulsores do recambio metodolóxico, que a Santiago tardaría en chegar. *Annales*, di López Carreira,

combinou o marxismo con ingredientes estruturalistas, dirixindo a atención non xa aos acontecementos conxunturais, senón á sociedade como un todo e utilizando para iso non só os documentos ou a arqueoloxía, senón tamén a información procedente da economía, a etnografía, a socioloxía ou a antropoloxía, así como métodos cuantitativos ou seriais, visibles en gráficas e cadros estatísticos. (López Carreira 2025: 53)

Fontana, en diferentes parágrafos, cuestiona os coñecementos de economía e o interese que por ela tiñan a maioría dos membros de *Annales*, chegando a dicir, referíndose ao propio nome da revista, que nela

La economía no merece una posición de privilegio y “social” no quiere decir nada, sino que debía ser un tipo de historia que relacionase todos los diversos aspectos de la vida del hombre, sin ninguna jerarquización, basándose en una imagen del carácter total del hombre que tiene bastante que ver con la “filosofía de la vida” alemana, y que Febvre quiere justificar con una explicación nebulosa que habla de la historia como de “la armonía que, perpetua y espontáneamente, se establece en todas las épocas entre las diversas y sincrónicas condiciones de existencia de los hombres: condiciones morales, condiciones técnicas, condiciones espirituales”. Es decir, una licencia para mezclarlo todo alegremente, sin reglas ni prioridades. (Fontana 2013: 36)

Nas moitas páxinas que Fontana dedica a esta escola que, moi tardiamente, chegou á nosa universidade, percíbese a crítica á escasa importancia dada á historia económica «que Bloch no había acabado de dominar y que a Febvre ni siquiera le interesaba», destacando neste aspecto o papel de Labrousse, quen sería tamén o que fornecese «algunos elementos de la tradición marxista» (Fontana 2013: 36). Coido

que ten interese subliñar estes dous aspectos, xa que hai quen pensa que, porque aparezan nas publicacións unhas gráficas (habitualmente precisadas dun longo texto para ser entendidas) e se empregue un vocabulario que soa a marxista, estamos diante dunha escola e dun autor marxistas. De feito, os postulados desta escola

se reciben en los Estados Unidos como una refrescante alternativa a los riesgos del marxismo: *Annales* es radical en el estilo, pero académica en la forma, y conservadora desde un punto de vista político; toca las cuestiones de historia económica y social sin riesgos de contagio marxista, y cuenta como garantía con un equipo de ex comunistas reconvertidos como Emmanuel Le Roy Ladurie -hijo de un ministro de Petain que pasó personalmente por una etapa de ferviente estalinismo antes de ver la luz de la verdad- o François Furet (Fontana 2013: 39).

Que Cortázar nos explicase nas súas clases de medieval en cuarto de carreira que para que renacese a cidade eran precisos os excedentes agrícolas non é suficiente para consideralo nin sequera marxista teórico. É evidente que en min foi moito maior o efecto de Balil, malia os poucos anos que puido botar na Universidade de Santiago<sup>3</sup> ou, xa rematada a carreira, de historiadores como Fontana, Pierre Vilar e outros. E con respecto á metodoloxía cuantitativista de Eiras, sempre considerei máis interesante e afín ao meu xeito de traballar e entender a historia o que, na mesma altura, estaba a facer García Lombardero na Facultade de Económicas.

Dixen atrás que *Annales* chegou á nosa universidade con moito atraso e engado agora que, talvez por iso, permaneceu moito máis tempo do que debería, cando xa a propia revista propoñía mudanzas significativas nunha editorial de 1989, onde, na fin do primeiro parágrafo, lemos: «De tous les livres, l'historien écrit les plus éphémères»<sup>4</sup> e, avanzando no texto, vemos unha forte autocrítica ao interese polas enormes táboas estatísticas, pola acumulación de datos e non tanto pola

---

<sup>3</sup> Este catalán desexaba que se crease a cátedra de arqueoloxía en Santiago, mais o reitor e algúns catedráticos da facultade opuxéronse, polo que, con grande mágoa, pediu o traslado para a Universidade de Valladolid, levando consigo as dúas fermosas publicacións por el creadas e facéndose alí catedrático ata a súa moi prematura morte. O exilio sucedera en 1972, manténdonos fieis ás súas ensinanzas arqueolóxicas e á súa memoria un bo lote de discípulos ata o día de hoxe (xullo de 2025). Daquela o poder na facultade funcionaba exactamente igual que no Estado. En 1975, os mesmos catedráticos, agás, obviamente, o reitor, vetaron a miña entrada no departamento de Prehistoria, dirixido por Alonso del Real.

<sup>4</sup> *Nihil novum sub sole*. Xa, en 1910, nas «Advertencias Preliminares» que Menéndez Pelayo fixo para a reedición da súa magna obra, escribiu: «Nada envejece tan pronto como un libro de historia. Es triste verdad, pero hai que confesarlo. El que sueña con dar ilimitada permanencia a sus obras y guste de las noticias y juicios estereotipados para siempre, hará bien en dedicarse a cualquier otro género de literatura y no a este tan penoso, en que cada día trae una rectificación o un nuevo documento. La materia histórica es flotante y móvil de suyo, y el historiador debe resignarse a ser un estudiante perpetuo...» (Menéndez Pelayo 2006: 24-25).

interpretación crítica dos mesmos: «l'accumulation des données a pris le pas sur l'ambition et parfois le souci même de l'interprétation» (Les Annales 1989).

### ***3.2. Beramendi, marxista irredento, retoma os estudos de Historia***

Justo Beramendi decidiu rematar a iniciada, en Barcelona, licenciatura de Historia, o que fixo entre 1977 e 1980, cando aquí navegan os *Annales*, encamiñándose pola contemporánea. Un seu profesor, Barreiro Fernández, licenciárase canda min, en 1974; pero era uns anos maior e tiña unha asentada formación previa a nivel de doutor en dereito canónico pola Universidade Gregoriana de Roma<sup>5</sup>. Entrou no departamento e, despois de lle dar clase, foi el quen lle propuxo, como tese de licenciatura, investigar sobre don Vicente Risco. Aí comezará a súa liña de traballo que manterá ata o final.

Podíamos pensar que a influencia do marxismo en Beramendi proviña da súa intensa actividade na loita política desde os tempos de Madrid, pero el mesmo deixou dito en máis dunha ocasión e entrevista que procedía isto da súa dedicación xuvenil ao teatro, mencionando como inicial influencia a Bertolt Brecht. E respondendo a unha pregunta sobre as persoas que máis influíron nel, cita a tríade que outros compartimos: Karl Marx, Friedrich Engels e Vladimir Ilich Lenin, sobre todo os dous primeiros. Amplía a resposta falando de Gordon Childe, Hobsbawn, Vicens Vives, Pierre Vilar e, xa entre os galegos, Florentino López Cuevillas, quen o deixou «bastante impresionado». Calquera historiador debería recoñecer as diferenzas entre estes marxistas –agás Vicens Vives e Cuevillas– e o que haxa de marxismo nos investigadores de *Annales*. Naqueles era unha postura vital, nestes

---

<sup>5</sup> O exame final de historia medieval de cuarto co profesor Cortázar era coñecido como a «encerrona». Acudíamos tres alumnos ao departamento con todos os libros que puidésemos levar. Marcábanos (sen programa previo) un tema, diferente para cada un, e dispoñíamos de cinco horas para elaborar un esquema que servise para un desenvolvemento amplo (tese, libro...) e amais había que comezar a desenvolver un dos puntos. Lembro que dúas compañeiras e eu fomos con cadansúa maleta á casa do compañeiro Barreiro e alí nos facilitou enchelas con libros dunha, para nós, enorme biblioteca. O meu tema puiden facelo grazas a eses libros, xa que me tocou falar da «Cristianización do continente europeo ata o s. V» e alí tiña unha chea de libros de historia do cristianismo. O que nunca souben é como podía preguntar iso o profesor de medieval, cando se nos insistía na data de 476 para o seu comezo oficial. Posteriormente verifiquei que sempre se prantexa ese problema, v.g. cando eu me encarguei de facer para unha Historia de Galicia (Calo Lourido / López Carreira / Carballo / Obelleiro / Alonso Fernández 1997) desde a prehistoria ata rematar Roma e o citado Anselmo López Carreira o mundo medieval. Por non falar previamente e por fallo do editor, eu rematei a principios do século V, pero o colega iniciou con varias páxinas a abondar na xa tratada romanización, algo que, con razón, mesmo foi criticado (gardo una copia da crítica) nos medios.

non pasaba dunha metodoloxía que, nalgúns dos seus seguidores nin o vocabulario tiñan asumido e interiorizado<sup>6</sup>.

Gordon Childe, «único prehistoriador occidental marxista» para Alonso del Real (1991: 166), recolleu esta frase de Karl Pearson: «El hombre de ciencia tiene que esforzarse por eliminarse a si mismo de sus juicios» e segue dicindo que

la importancia atribuída por los hombres de ciencia al número y a la mensuración, no deja de tener relación con la exigencia de adoptar una actitud impersonal. “Los resultados de la mensuración”, según hace notar en determinada página el profesor Levy, “serán enteramente independientes de cualquier prejuicio religioso, ético o social. Ya sea que el lector simpatice o no con el texto de esta página, estará de acuerdo en que su número es 322”. (Childe 1974: 10)

Cando lin isto por primeira vez, lembrei o que Serafín Moralejo, o meu citado profesor de Teoría da Arte, materia de 5º curso, e pouco despois catedrático en Harvard, continuando alí o traballo do seu mestre Panofsky, nos recomendou facer, se pretendiamos exercer a crítica pictórica: dar sempre as medidas do marco, xa que, polo menos, forneceriamos algo obxectivo e verificable. Sería darlle ao texto unha aparencia de cientifismo e rigor.

Beramendi, nunha entrevista<sup>7</sup>, o mesmo que repetiu noutras, recoñecía que sempre fora marxista e que en certa medida seguía a selo, pero nunca marxista dogmático, senón crítico en todo momento, pois pensaba que a crítica e a autocritica era fundamental para o verdadeiro marxismo. Lóxico. De feito critica certos aspectos do propio Marx, como cando di que a economía non é a única cousa que determina a historia, xa que hai que ter en conta tamén as ideoloxías, tanto as totalizadoras, caso das relixións, que explican todo o deste mundo e mesmo o do

---

<sup>6</sup> Hai anos, nun congreso de arqueoloxía en Portugal, o devandito Carlos García Martínez e eu tivemos unha boa discusión cun catedrático español que, despois dunha certa confusión entre medios e relacións de produción, chegou a falar con naturalidade do modo de produción castrexo (!). Desde que se introduciu na Península *Annales* e se deu en dicir que era unha escola marxista e, un tempo despois, morre Franco, foron moitos os que se apuntaron a ela, sen chegar a entender nada. Era atractivo o novo papel concedido á economía, así como o vocabulario, pero, xa desde os iniciadores resultaba difícil de conxugar coa ideoloxía persoal, mentres no caso de Justo Beramendi todo isto fluía de xeito natural. Así non admira a consideración que o mestre Fontana tiña cara aos integrantes daquela escola francesa; no seu libro de 2013 son moitas as páxinas a falar disto. Pero citando a Fontana non me resigno a non mencionar un dos seus últimos libros, con máis de 1200 páxinas de fluidísima lectura que recomendo a todo o que desexe saber algo do mundo desde 1945 (Fontana 2011). E para quen queira coñecer como mudar o mundo, teño que recomendar un do mesmo ano (foi este de boa colleita) doutro dos máis grandes historiadores de finais do século XX e principio do presente. Teño a súa obra na miña biblioteca a carón da de Fontana e no libro que recomendo di que *Annales* se converteu na publicación periódica de historia «más influyente del mundo bajo Fernand Braudel»; máis «la escuela de los *Annales* no era en absoluto marxista en sus orígenes o simpatías intelectuales...» (Hobsbawm 2011: 397).

<sup>7</sup> Do ano 2016. CRTVG: [agalega.gal/videos/detail/94126-justo-beramendi](http://agalega.gal/videos/detail/94126-justo-beramendi).

suposto ultramundo, como as ideoloxías sectoriais, *verbi gratia*, as políticas, que impregnan toda a sociedade desde a súa aparición a partir das revolucións liberais, cando se substitúe o poder lexítimo emanado de Deus polo poder lexítimo do conxunto dos cidadáns. Precisamente é nese intre cando se inician os que se converterán no maior dos temas de investigación de Justo Beramendi: os nacionalismos. El mesmo di que «los nacionalismos, como ideoloxías y la nación como concepto ideológico históricamente relevante surgen en cuanto se proclama que la nación es el sujeto legítimo de la soberanía» (Beramendi 1999: 171). Por iso, Beramendi ten resumido en poucas verbas as fases do nacionalismo galego, colocando as primeiras manifestacións na década dos 40 do século XIX, baixo o nome inicial de Provincialismo, continuando co Rexionalismo, verbas estas cunha grande carga intencional, e podendo xa falar de nacionalismo a partir da creación das Irmandades da Fala e do manifesto da I Asemblea (1918) feita en Lugo. Ata aí non hai nacionalismo, porque non hai nación.

Eu sempre dixen que mesturar marxista e dogmático indica que ou non se leu ou non se entendeu a Marx, xa que don Carlos non só nunca foi dogmático, senón que tiña como lema preferido «*De omnibus dubitandum*». Nun artigo que escribín en *Terra e Tempo* (dixital) o 9 de xuño de 2011, defendendo que nin Marx nin Castelao eran dogmáticos, dixen: «pero tanto seguidores como, sobre todo, detractores fosilizaron as ideas do autor de Trier, rematando por transformar en dogma o que sempre quixo ser un proceso aberto, unha permanente dúbida cartesiana. Chega cunha lectura rápida aos seus escritos de diferentes etapas cronolóxicas para verificar que Marx e dogma son antitéticos, algo sobre o que Unamuno insistiu nunha conferencia no Círculo Socialista de Bilbao hai máis de 100 anos (*El Socialista*, 16-I-1924):

Porque esto hay que repetirlo constantemente: el Socialismo no puede ser un dogma. El proceso dogmático de toda doctrina es una degeneración.

Una doctrina, en tanto no llega a dogma, mientras está en un período de desarrollo, en un período de formación, de crítica, admite interpretaciones, es un método. Por el dogma mueren casi todos los sentimientos. En cuanto cuajó en un credo, en el símbolo de Nicea, todo el sentimiento cristiano primitivo, empezó la degeneración del cristianismo.

Leía yo y tomaba aquello, no como un dogma, como un método. (Ereño Altuna 2005: 385)

Na mesma idea radica a miña falta de interese pola «teoloxía da liberación», tan aplaudida por certos progresistas e que eu considero un oxímoro, xa que toda teoloxía é dogma, xusto o contrario de liberación.

Nestas cuestións anda a facultade, cuns cadros renovados, que Beramendi atopa, cando, sen abandonar a secretaría técnica do COAG, que agora ocupa, ingresa na mesma para rematar os estudos de historia. A súa bagaxe cultural, política e humana, xunto coa súa enorme capacidade de traballo, permitiulle facer unha carreira fulgurante na universidade compostelá. Cando, en 1981, Barreiro, o seu director da tese de licenciatura, publica o tomo IV dunha *Historia de Galicia*,

sobre a idade contemporánea, non cita nin unha soa vez a Justo Beramendi. Na lapela deste libro explicita Barreiro a mudanza que, como apuntamos atrás, se produciu no estudo da historia. El di que pretende

facer unha Historia Contemporánea de Galicia e non unha Historia Contemporánea de España en Galicia [...], unha historia das clases sociais que conformaron o noso ser como comunidade diferenciada. E isto por dúas razóns elementais: por fidelidade á realidade galega, e por axear á Galicia os modelos historiográficos máis actuais.

Engade que no afastamento do modelo tradicional «montado sobor dos arquetipos históricos (a historia feita polos políticos, arcebispos e xenerais) non hai un furor iconoclasta. Sinxelamente soio se pretende ler i entender cientificamente o pasado» (Barreiro Fernández 1981).

### ***3.3. Especialízase en nacionalismos e metodoloxías***

É lóxico que o autor non cite nada de Justo, malia ter este publicado, anos antes, xunto con Eduardo Fioravanti, daquela exiliado en París, un libro sobre a evolución do pensamento marxista do científico ao dogmático (Beramendi / Fioravanti 1974). Pola contra, nun libro colectivo de 2003, no que Beramendi colabora cun artigo a seguir ao do seu antigo profesor, este di: «Beramendi é un dos grandes expertos sobre o feito nacional e, sen dúbida, o mellor coñecedor do nacionalismo galego na súa historia» (Barreiro Fernández 2003: 49, n. 35). Preguntado o xa profesor Beramendi polas súas investigacións, dixo que fixo dúas cousas: nacionalismos e certas contribucións sobre a metodoloxía da Historia. Coido que polo primeiro, a raíz, sobre todo, da publicación de *De provincia a nación*, é polo que o coñece o gran público e moitos historiadores; as contribucións metodolóxicas aparecen reunidas nun libro de edición de autor feito para consumo do alumnado<sup>8</sup>. É un libro denso, que, en ocasións, se suaviza con clarificadores exemplos. Podo dicir que no meu último libro (Calo Lourido 2023) dediquei moitísimas páxinas en dous longos capítulos a falar da nación. Tiven que dedicar moito tempo a tratar as dúas grandes visións da idea actual de nación: primordialismo e modernismo (ou construtivismo, ou instrumentalismo). Un dos autores construtivistas que citei, sentenciou: «El nacionalismo engendra las naciones» (Gellner 2001: 80). Beramendi, que tamén cita a Gellner, pero na versión inglesa, moito máis antiga, escribe: «Por ello afirmo que la nación existe en la medida, y sólo en la medida, en que un sector significativo de la sociedad cree que existe y actúa políticamente en consecuencia». E, xusto antes, emprega un exemplo clarificador, comparando este caso co das relixións:

---

<sup>8</sup> Nunha primeira redacción escribín «do seu alumnado». Retirei o pronome ao ver que todo o libro está en castelán, polo que supuxen que tiña intención de que outros colegas peninsulares o manexasen nas súas clases.

Es obvio que las religiones y sus iglesias existen, pero no lo es que existan las divinidades que ellas proclaman. Las religiones tienen una existencia objetiva; los dioses, no, aunque la fe en ellos es imprescindible para el ser de aquellas y, en este sentido, son una “realidad” históricamente significativa. (Beramendi 1999: 178)

Xa en 1981 publica Beramendi, en dous tomos, o resultado do seu traballo académico sobre Risco, o seu primeiro título en Galego e que foi, como moi atinadamente apuntou Fernández Cerviño, «revelador do seu interese por profundar na presenza de Galicia no concerto da historia contemporánea do Estado español» (Fernández Cerviño 2022: 67). Especializouse na historia das ideoloxías e dos nacionalismos e publicou monografías sobre Rosalía, Murguía<sup>9</sup>, Antón e Ramón Villar Ponte, Peña Novo, Brañas, Otero Pedrayo, Castelao, Losada... Lembro perfectamente cando preparou e editou a obra completa de Losada Diéguez (Beramendi 1985), figura clave para os inicios do nacionalismo galego, non só por ser el quen convenceu o grupo de Ourense para que abandonasen os estudos que os ocupaban e se puxesen a traballar por Galicia, caso de Cuevillas, que pasou, sen solución de continuidade, de publicar en *La Centuria. Revista Neosófica* «sobre a coetánea Revolución Rusa (López Cuevillas 1917) a facelo sobre a mansión romana de Aquis Querquernis na vía XVIII (López Cuevillas, 1922)» (Calo Lourido 2020: 46), como por ser el quen presidía, en 1918, a I Asemblea Nacionalista de Lugo das Irmandades da Fala cando aprobaron o manifesto iniciático do nacionalismo galego.

Este libro, amais de recoller toda a obra de Losada Diéguez, complétase cuns estudos preliminares produto dunhas conferencias pronunciadas o ano anterior no Museo do Pobo Galego por Luís Losada, fillo do autor, Filgueira Valverde, José Antonio Durán, Ramón Villares e o propio Justo Beramendi<sup>10</sup>. Naquel ano ensinaba

<sup>9</sup> Polas miñas investigacións no eido da arqueoloxía, tiven que citar repetidas veces a don Manuel Murguía, mesmo cando foi empregado como autoridade fronte aos meus traballos sobre os celtas. Xa na tese de doutoramento, defendida en 1991 e, por conseguinte, édita desde esa data, aínda que a súa publicación íntegra demorase ata 1994, dando tempo a algún plaxio, loei a honradez científica deste autor, pois, se en 1901 deixou aberta a posibilidade de que algunhas estatuas de guerreiros galaicos fosen anteriores á chegada de Roma, despois de ler a Hübner (1861: 186), convenceuse do dito polo sabio alemán e, deixando de lado os seus celtas, «pensa que son dos “primeros tiempos del imperio, á los cuales deben ser adjudicadas sin vacilación de ningún género” (Murguía 1905: 496, n. 1)» (Calo Lourido 1991: 679). Moitos anos despois, alegroume ver que a opinión de Beramendi sobre Murguía como historiador era esta: «Murguía sitúase ó nivel da mellor historiografía española coetánea ou lixeiramente anterior (especialmente a de Modesto Lafuente)» (Beramendi 2007: 173).

<sup>10</sup> Non me resisto a non citar aquí unha queixa de Filgueira sobre o esquecemento que rodea a figura de Losada Diéguez. Despois de contar este a un periodista o moito que fixo en Galicia e, máis concretamente, en Pontevedra, este dixo: «–Pero, ¿Como é posible que se fale tan pouco deste home? Eu non sabía nada desto». Lembra Filgueira que don Antonio Fraguas vén de dicir «que Galicia tén fonda gratitude para os seus fillos, pero, por veces, os dá a esquecemento. Do noso Himno trocaría as verbas; sería sempre mellor dicir “non des a esquecemento canto tes de valía”, sobre todo, cantos persoeiros do noso espírito

eu Historia no IES Curros Enríquez de Celanova. Unha colega do departamento de Xeografía e Historia era Carmen Álvarez, a súa compañeira de vida e, sendo os dous de historia, mesmo, anos despois, farían unha publicación conxunta específica para bacharelato (Beramendi / Álvarez Arcos 2002); invitámolo para que nos viñese falar de Losada Diéguez e, hoxe, teño diante min o exemplar co que me agasallou aquel 22 de maio de 1985. Foi o ano anterior, cando decidiu dar o paso decisivo de abandonar o traballo no COAG, entrando en novembro deste como profesor contratado na Universidade de Santiago. En 1987 faise doutor cunha tese sobre o nacionalismo galego, dous anos despois consegue a titularidade e en 1995, para ben propio e dos alumnos que pasaron polas súas aulas, a cátedra de Historia Contemporánea<sup>11</sup>.

Non é este o lugar de facer unha biobibliografía de Beramendi. De momento chega coa incompleta nómina de autores citados e a frase de Barreiro de 2003, xa que, se este abriu un camiño interesante, foi por parcelas, v.g. o provincialismo, o carlismo, liberais, absolutistas etc., mentres que Beramendi fixo unha análise intensa e global do nacionalismo que publicou nunha moi ambiciosa e *non finita* «Historia de Galicia», na que cada tema se plasmaba nun libro denso e extenso, dunhas 350 páxinas, neste caso feito en colaboración (cfr. Beramendi / Núñez Seixas 1995). Sintetizou o tema para dalo a coñecer en español en «Cuadernos de Historia», en Beramendi (1997), e incorporouno a unha colectiva e boa *Historia Contemporánea de Galicia*, en español, en Beramendi (2005). Por fin tivo oportunidade de materializar o esforzo de moitos anos na impresionante obra de 2007: *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. No limiar desta magna obra, sen citar a Menéndez Pelayo, o autor deixou dito: «Por iso espero que outros melloren no futuro esta aportación miña, pois nas ciencias sociais ningunha obra é perfecta nin definitiva. E a miña menos» (Beramendi 2007: 10).

---

traballaron pola nosa Terra» (Filgueira Valverde 1985: 57). Remito a este texto para quen queira saber o enorme papel que Losada Diéguez desempeñou en Pontevedra e eu, que no seu pazo de Moldes, escoitei directamente, no ano 2011, as queixas da súa filla Albina Losada polo desleixo da Boa Vila con seu pai, tentei que esta cidade, dada ás homenaxes e roteiros, tivese en consideración esta figura, mais xa perdín a esperanza e deixei de insistir.

<sup>11</sup> Na fin da tarde, saía a camiñar de xeito rápido, despois de traballar na tese de doutoramento, tecleando nunha máquina de escribir Olivetti ET compact 70, igual á que eu empregaba coa mesma finalidade. Nunha ocasión comentamos isto cun numeroso grupo de xente nova, á que lle custaba crer que se puidesen escribir teses dun milleiro de páxinas sen ordenador nin internet. Tropeceino moitas veces, pois adoitaba pasar por diante da casa na que eu moraba en Compostela e, se tiñamos algo especial de que falar, emparellabámonos e falabamos o xusto sen eu entorpecer a súa marcha. Era Justo pura disciplina.

## 4. Beramendi xestor, organizador, premiado, poeta e amigo ata rematar a prórroga

Luís Álvarez Pousa, o citado director de *Tempos Novos*, dixo que Beramendi «a partir dos anos 80 se propuxo coa súa obra a construción dunha ponte entre o noso pasado e o noso futuro» (2024: 108). Coido acertadísima esa frase e chea de carga voluntarista, considerando que se refire a un galego, a un grandísimo galego, porque el decidiu selo.

Pero Beramendi, home de pensamento e traballo de gabinete, demostrou desde os tempos de alumno universitario en Madrid, que posuía igualmente unha grande inclinación cara ao dinamismo, unha predisposición á actividade organizativa e á xestión. Non admira, por conseguinte, velo desempeñando o posto de vicerreitor, entre 1990 e 1994, no equipo do seu antes profesor e despois colega, igualmente catedrático de Historia contemporánea e reitor da universidade compostelá Ramón Villares, quen, trala morte de Justo, dixo del, nunha entrevista, que foi un profesor moi querido polos alumnos, opinión que, ao longo dos anos, recibín de moitos deles.

Non pretendo entrar na actividade de Beramendi como (co)organizador de congresos e exposicións. Foron moitos nos que traballou, só ou, maiormente, en grupo, pois, como dixo del Álvarez Pousa (2024), foi, amais dun moi bo cronista, lúcido, crítico, rigoroso e comprometido, un gran xerador de empatías. Disto último podo dar boa fe, aínda que só sexa pola cantidade de traballos anónimos para o MPG nos que me ten comprometido, desde elaboración de regulamentos ata estudos museolóxicos para as salas de Historia etc. Unicamente vou mencionar, como obra súa ou baixo a súa dirección, o «Congreso de Nacionalismos y Regionalismos en la España de la Restauración» (1983), o «I Congreso de Cidades Históricas» (1985), o «Congreso Internacional Castelao» (1986) ou, aínda que non se lle chamou Congreso, as xornadas no MPG para «Repensar Galicia. As Irmandades da Fala» (2016), que xeraron un completísimo volume (Beramendi *et alii* 2017). Entre as exposicións, citarei só «De Rosalía a Castelao» (1985).

En 1995 entra a formar parte da Fundación Vicente Risco, dirixindo nela a sección de pensamento político. Foi igualmente membro fundador da Fundación Castelao, da Fundación Antonio Fraguas etc.

A raíz da publicación da súa grande obra, recibiu un bo lote dos premios mellor peneirados, tanto a nivel galego como estatal: Medalla Castelao, Ensaio da AELG, Pedrón de Ouro, Losada Diéguez de investigación, Crítica de Galicia, Nacional de Ensaio (Ministerio de Cultura), Día da Galicia Mártir da Fundación Alexandre Bóveda. Cando recolleu este último, manifestou que, xunto co Pedrón de Ouro, era o que máis valoraba, porque eran un dicirille: «ti es dos nosos».

O discurso que aquel día, 17 de agosto de 2009, pronunciou diante da campa de Bóveda no cemiterio de San Mauro (Pontevedra) é un razoado e sentido chamamento á unidade (véxase a data e o acontecido nela en Galicia), despois de

responsabilizarnos a todos da posible esterilidade do sangue dos nosos mártires. A súa lectura é moi recomendable, podendo consultarse en *Murguía. Revista Galega de Historia* (2009, nº 19-20) e en YouTube (Arias Vilas / Calo Lourido / Fariña Busto 2022: 24-25). Lembro que insistín no valor desta pequena peza oratoria cando, o 14 de marzo do 2013, despois de ir buscalo á estación de Pontevedra, o levei a Marín para intervir no Club de Opinión Portocelo, demorándome na súa presentación. Como gardo na memoria e en fotos do acto, a viaxe que fixemos no meu coche ata Viladonga, acompañados de Carlos García Martínez e de Fernando Acuña Castroviejo, para asistir á xubilación, como director do Museo, de Felipe Arias Vilas e como, á ida, nunha escala técnica na Baiuca, tropezamos con Mini e Mero que ían para participar no mesmo acto, igualmente pola súa amizade con Felipe. Conservo imaxes de cando se sumou a un grupiño de patróns do MPG que adoitabamos facer unha viaxe anual a Ponte de Lima só para degustar a lamprea. Lembro tamén, por non seguir, o desprazamento ata Porto, neste caso en taxi, para conferenciar na Facultade de Letras da Universidade do Porto sobre a importancia de Portugal para os integrados nas Irmandades da Fala (cfr. Beramendi 2016: 201-208).

Nunha ocasión recibín un correo seu moi diferente aos que eu estaba afeito. Era un monllo de poemas que, desde mociño viñera facendo e que enviou á familia e ás amizades. Non son eu a persoa máis indicada para valoralos, pero parecéronme dunha enorme dignidade e inciteino a perder o pudor e a publicalos, considerando que algúns nunca sospeitarían esa sensibilidade, coñecendo del só a súa dialéctica, en ocasións dura e cortante, o que o seu compañeiro de traballo e de creación do MPG, Carlos García Martínez, atribuíu «á sequidade castelá e á afouteza vasca». Eu sempre pensei que algo puido contribuír a «súa peripecia vital ata aterrar en Compostela, e mesmo a súa traxectoria unha vez asentado aquí» e así o plasmamos en Arias Vilas / Calo Lourido / Fariña Busto (2022: 22-23). Algún dos poemas xa os dera a coñecer na revista *Arista* da Escola de Enxeñeiros Industriais de Madrid e mesmo fixo e leu un titulado «Os Soños» nunha homenaxe a *Marcos Valcarcel. O valor da xenerosidade* (gravado en 2010 en aelg.gal). Dubidei moito sobre traer aquí ou non un dos que, cando a súa primeira lectura, me impresionaron, talvez pola ideoloxía que destila e que nos irmanda. Refírome ao poema III de «Campos» que comeza: «Vi sus rostros, | cerrados a la luz». Na nota previa aos poemas, di Justo que este, concretamente, fora xa publicado, en 1963, na devandita revista; gustaríame traelo aquí, pero, por respecto aos fillos, Mario e Pablo, coído que publicar ou non a obra de seu pai lles corresponde a eles.

Cando lle dei os meus parabéns ao cumprir os 77 anos, os que farei eu, se chego, o vindeiro novembro, a súa resposta foi: «Seguramente será o meu derradeiro capicúa». Nas entrevistas tiña unha certa tendencia a dicir que iniciara o partido e xa se atopaba en fase de prórroga, polo que, fose idea previa del ou fose dos fillos, a súa necrolóxica (4/xullo/2024) pareceume dignísima e moi axeitada a quen el era, primeiro por se tratar como «Viúvo de Carme Álvarez Arcos», porque ela, «fiel compañeira de amores, de traballos, de ilusións e de fracasos», como lemos na dedicatoria que lle fixo na grande obra de 2007 e, posteriormente, nos lembraron os seus fillos Mario e Pablo (Beramendi / Beramendi 2022: 18), era moi importante

para el; a seguir a necrolóxica, dicía: «Marxista irredento e galego de elección»; e para rematar: «Se acabou la prórroga». Ten dito que lle gustaría que o recordasen «con agarimo» e como unha persoa máis ou menos honesta «que fixo o que pensaba que tiña que facer». Así mesmo, e con fondo agradecemento por todo o que fixo pola nosa Galicia, é como está fondeado na miña lembranza.

A Moureira de Pontevedra, abrindo xullo / 2025.

## Referencias bibliográficas

- AELG (2009): «Justo Beramendi». [aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/justo-beramendi](http://aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/justo-beramendi) [consultado o 24/06/2025].
- Alonso del Real Ramos, Carlos (1991): *La Prehistoria. Ciclo de conferencias para doctorado*. Pontevedra: Excma. Deputación Provincial.
- Alonso Fernández, Bieito / Luís Obelleiro Piñón / M<sup>a</sup> do Carme García Negro (1996): «O ensaio histórico e económico», en A. Ansede (coord.), *Historia da Literatura Galega*. Vigo: ASPG-A Nosa Terra.
- Álvarez Pousa, Luís (2024): «Justo Beramendi, *in memoriam*. Risco e rebeldía», *Tempos Dixital* 327, 26-31 (4 de xullo de 2024).
- Arias Vilas, Felipe / Francisco Calo Lourido / Francisco Fariña Busto (2022): «Justo Beramendi visto por tres patróns do Museo», en U-B. Diéguez e M. X. Fernández (eds.), *Justo Beramendi. Galego por elección*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 21-28.
- Balil Illana, Alberto (1960): «Plástica provincial en la España romana», *Revista de Guimarães* LXX (1-2), Guimarães, 107-131.
- Balil Illana, Alberto (1974): «De nuevo sobre Galicia y sus relaciones marítimas durante la época Imperial Romana», en *Actas do III Congreso Nacional de Arqueología*. Porto, vol. 1, 211-221.
- Baliñas Fernández, Carlos A. (s/d): «Otero Pedrayo, Ramón», en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago / Gijón, 152-161.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2003): «O murguián», en *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*. A Coruña: La Voz de Galicia, 39-50.
- Beramendi, Justo G. (1978): «La destrucción de la ciudad según Chueca Goitia», *Obradoiro*. Comisión de Cultura do COAG, n<sup>o</sup> 0 (xuño de 1978). Santiago de Compostela, 80-82.
- Beramendi, Justo G. (ed.) (1985): *Losada Diéguez. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais.

- Beramendi, Justo G. (1997): *El nacionalismo gallego*. Cuadernos de Historia 40. Madrid: Arco Libros.
- Beramendi, Justo G. (1999): *La Historia Política: Algunos conceptos básicos*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- Beramendi, Justo G. (2005): «El galleguismo político (1840-1936)», en J. de Juana / J. Prada (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*. Barcelona: Editorial Ariel.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais.
- Beramendi, Justo (2016): «Portugal e as Irmandades da Fala», *Portugalia*. Nova Série, XXXVII. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 201-208.
- Beramendi, Justo (2018): «Catro décadas de colaboración e amizade», *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego* 13. Número especial homenaxe a Carlos García Martínez. Santiago de Compostela, 9-23.
- Beramendi, J. G. / C. Álvarez Arcos (2002): *Galicia. Historia Moderna e Contemporánea*. A Coruña: Ed. Vicens Vives.
- Beramendi, J. G. / E. Fioravanti (1974): *Miseria de la Economía*. Vol. I. *Del marxismo científico al marxismo dogmático*. Vol. II. *En busca del rigor perdido*. Barcelona: Península.
- Beramendi, Justo G. / Xosé Manoel Núñez Seixas (1995): *O Nacionalismo Galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Beramendi, J. et alii (eds.) (2017): *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego.
- Beramendi, Mario / Pablo Beramendi (2022): «O terceiro fillo», en U.-B. Diéguez e M. X. Fernández (eds.), *Justo Beramendi. Galego por elección*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 15-18.
- Bianchi Bandinelli, Ranuccio (1970): *Roma centro de poder. El arte romano desde los orígenes hasta el final del siglo II*. Madrid: El Universo de las Formas. Aguilar.
- Braña, Fátima (2008): *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Braudel, Fernand (1994): *Una lección de Historia*. Barcelona: Biblioteca Mondadori.
- Calo Lourido, Francisco (1991): *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Publicada en 1994, A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», T. II.
- Calo Lourido, Francisco (2004): «O meu museo é etnográfico ou do pobo galego?», en F. Calo Lourido (coord.), *O Museo de Xaquín Lourenzo. Cadernos de Pensamento e Cultura A Nosa Terra*, nº 30. Vigo, 33-37.
- Calo Lourido, Francisco (2010): *Os celtas. Unha (re)visión dende Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.

- Calo Lourido, Francisco (2020): «A Xeración Nós, con Cuevillas á fronte, iniciou o coñecemento científico da cultura castrexa», en *Arqueoloxía do noroeste peninsular en tempos de Nós*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 43-54.
- Calo Lourido, Francisco (2023): *A Historia de España baseouse en falacias. Nin Reconquista, nin Imperio, nin Estado ata o XVIII, nin Nación ata o XIX*. Vigo: Edicións Xerais.
- Calo Lourido, Francisco / Anselmo López Carreira / Francisco Carballo / Luís Obelleiro / Bieito Alonso Fernández (1997): *Historia Xeral de Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Childe, V. Gordon (1974 [1936]): *Los orígenes de la civilización*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Conant, Kenneth John (1983 [1926]): *Arquitectura románica da catedral de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Publicacións do COAG (1ª ed., en inglés).
- Ereño Altuna, José Antonio (2005): *El pensamiento socialista de Unamuno en La Lucha de Clases (1894-1897)*. Bilbao: Ediciones Beta III Milenio.
- Fandiño Veiga, Xosé Ramón (2025): *Un fio de amor e lealdade a Galicia. (1964-2024) 60 anos da Fundación do Pedrón de Ouro*. [Padrón: Fundación do Pedrón de Ouro].
- Fernández Cerviño, María Xosé (2022): «Semblanza desde Bonaval. Un pasado moi presente», en U.-B. Diéguez e M. X. Fernández (eds.), *Justo Beramendi. Galego por elección*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 63-74.
- Fernández, Joaquín (2008): «La influencia de Darwin en el pensamiento, la cultura y el arte», en B. Juanes (coord.), *Historia, medicina y ciencia en torno a... Darwin*. Madrid: Fundación de Ciencias de la Salud, 55-104.
- Filgueira Valverde, Xosé (1985): «A miña lembranza de Losada Diéguez», en J. Beramendi (ed.), *Losada Diéguez. Obra completa*. Vigo: Edicións Xerais, 57-66.
- Fontana, Josep (2011): *Por el bien del Imperio. Una historia del mundo desde 1945*. Barcelona: Pasado & Presente.
- Fontana, Josep (2013): *La historia de los hombres. El siglo XX*. Barcelona: Editorial Planeta.
- Gellner, Ernest (2001): *Naciones y nacionalismo*. Madrid: Alianza Editorial.
- Hobsbawm, Eric (2011): *Cómo cambiar el mundo. Marx y el marxismo 1840-2011*. Barcelona: Ed. Crítica.
- Hübner, Emil (1861): «Statuen galläkischer Krieger in Portugal und Galicien», *Archäologische Zeitung*, Jg. 19, n° 154, 185-195.
- Lema Suárez, Xosé M. (1977): *Bamiro. Un estudo do habitat rural galego*. Santiago de Compostela: Publicacións do COAG.
- Les Annales (1989): «Tentons l'expérience», en *Annales. Économies, sociétés, civilisations* 44<sup>e</sup> année, N. 6, 1317-1323. [https://www.persee.fr/doc/ahess\\_0395-2649\\_1989\\_num\\_44\\_6\\_283657](https://www.persee.fr/doc/ahess_0395-2649_1989_num_44_6_283657) [consultado o 26/06/2025].

- López Carreira, Anselmo (2025): «Francisco Carballo e a *Historia de Galicia*», *Terra e Tempo. Revista Galega de Pensamento Nacionalista* 192, Santiago de Compostela, 50-55.
- López Cuevillas, Florentino (1917): «Rusia y su revolución», *La Centuria. Revista Neosófica*, Ourense, Ano 1, n° 1, 12-14, n° 2, 14-17 e n° 6, 11-15.
- López Cuevillas, Florentino (1922): «A mansión Aquis Querquernis», *Nós*, Ano III, 9, 10-16.
- Menéndez Pelayo, Marcelino (2006 [1880-1882]): *Historia de los heterodoxos españoles I*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- Murguía, Manuel (1901): *Historia de Galicia*. T. I. 2ª ed. A Coruña.
- Murguía, Manuel (1905): *Historia de Galicia*. T. II. 2ª ed. A Coruña.
- Núñez, Manuel (1978): *Arquitectura prerrománica*. Santiago de Compostela: Publicacións do COAG.
- O Comité de Cultura (1978): «Presentación», *Obradoiro*. Comisión de Cultura do COAG, n° 0 (xuño de 1978). Santiago de Compostela, 2-3.
- Romero Masiá, Ana (1976): *El habitat castreño. Asentamientos y arquitectura de los castros del NO. peninsular*. Santiago de Compostela: Publicacións do COAG.
- Villares, Ramón (1992): «Lembranza de A. Balil», en F. Acuña (coord.), *Finis Terrae. Estudos en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 7-8.